



THE NAKED CIVIL SERVANT

Estados Unidos | 1975 | 77 min | Drama. Comedia

DIRECTOR Jack Gold

GUIÓN Philip Mackie (baseado na autobiografía de Quentin Crisp)

MÚSICA Carl Davis

FOTOGRAFÍA Mike Fash

INTÉRPRETES John Hurt, Liz Gebhardt, Patricia Hodge, Stanley Lebor, Katherine Schofield, Colin Higgins, John Rhys-Davies, Stephen Johnstone, Antonia Pemberton, Lloyd Lamble, Joan Ryan

SINOPSE Película biográfica sobre Quentin Crisp, un excéntrico escritor inglés, de humor fino e lacerante. Durante os anos trinta do século XX, Crisp desafiou as modas e as convencións sociais e mostrou abertamente o seu carácter efeminado e os seus costumes homosexuais. Aparecía en público vestido con roupas extravagantes de cores rechamantes e xestos esaxeradamente amaneirados, o que lle supuxo non poucos problemas coa súa familia, cos seus amigos e coas autoridades.

—
*It takes a man to suffer ignorance and smile
Be yourself no matter what they say.
"Englishman in New York", Sting*

"Cando filmo", dixo Jean Cocteau, "pecho os ollos e soño". Fronte á dura realidade, as películas son fantasía, ilusións máxicas, melloran a vida en por si. Con ese espírito luminoso, recibe Quentin Crisp a xente do cinema. El tamén queredo pechar os ollos, abandonarse ao soño e, por iso, coma Orfeo, propón que a súa vida sexa unha viaxe a través do espello, ese lugar onde un se volve reflexo e, sen dramatismos, toma conciencia da imposibilidade de ser.

Calquera autobiografía revélase como relato imposible cando enlaza unha circunstancia extraordinaria tras outra, fluíndo marabillosamente a golpe de sensacións e palabras. Así se construíu *The Naked Civil Servant*, unha película británica de 1975 que, con todo, parece atemporal, respira fóra e dentro de calquera tempo. O seu segredo, ese vigor extraordinario que a sustenta, reside quizá en como evita a luz dura do día, as dubidosas delicias do aborrecible mundo exterior e abraza o crepúsculo, ese instante privilexiado onde a néboa londiniense cae, onde as formas se difuminan e as cousas xa non son as cousas. A propósito

dun libro de Elie Faure sobre Velázquez que lía Jean Paul Belmondo en *Pierrot le fou*, Godard lembraba a idea de que o pintor español, no final da súa vida, pintaba as cousas que hai entre as cousas, entre unha persoa e outra, e afirmaba que o mellor cinema tería que facer o mesmo: non debería contentarse con filmar o que había, non debería en ningún caso limitarse ao retrato. Poida que entre Quentin Crisp e o terrible século XX contemplemos moitas cousas evidentes: habitacións grises, cadros de dubidoso gusto, bares de pacotilla, un cuartelillo insípido, unha escola de arte desordenada, un tribunal tendencioso e severo... Pero, por enriba de todo, fronte á cámara, brilla. E en consecuencia a nosa retina rexistra o paso incesante e sincero dunha vida que transcorre entre canellóns mal iluminados, a sucidade do po, unha infinidade de cremas para a cara, toneladas de maquillaxe e un manual de supervivencia. Elementos imprescindibles para non esconderse, non atrincheirarse en ningún armario, e exhibir impune, gloriosa e gozosamente a túa homosexualidade, de maneira xusta e desmedida, nunca latente. Nese momento do tempo, cando a intolerancia reinaba e a posibilidade dun cambio de sexo era remota, a historia da homosexualidade contaba con moi poucos valentes. Quentin Crisp, moitas décadas antes de encarnar á raíña de Inglaterra en Orlando, sería un deles, o máis afamado dos pioneiros. E, por unha vez, variaría o contido dun vello refrán. Por primeira vez, podemos afirmar que, se a máscara cae e o home queda, o heroe non se desvanece.

Daniel Gascó





SINOPSIS Película biográfica sobre Quentin Crisp, un excéntrico escritor inglés, de humor fino y lacerante. Durante los años treinta del siglo XX, Crisp desafió las modas y las convenciones sociales mostrando abiertamente su carácter afeminado y sus costumbres homosexuales. Aparecía en público vestido con ropas extravagantes de colores chillones y gestos exageradamente amanerados, lo cual le granjeó no pocos problemas con su familia, con sus amigos y con las autoridades.

—
*It takes a man to suffer ignorance and smile
 Be yourself no matter what they say.*

"Englishman in New York", Sting

"Cuando filmo", dijo Jean Cocteau, "cierro los ojos y sueño". Frente a la dura realidad, las películas son fantasía, ilusiones mágicas, mejoran la vida misma. Con ese espíritu luminoso, recibe Quentin Crisp a la gente del cine. Él también quisiera cerrar los ojos, abandonarse al sueño y, por ello, como Orfeo, propone que su vida sea un viaje a través del espejo, ese lugar donde uno se vuelve reflejo y, sin dramatismos, toma conciencia de la imposibilidad de ser.

Cualquier autobiografía se revela como relato imposible cuando enlaza una circunstancia extraordinaria tras otra, fluyendo maravillosamente a golpe de sensaciones y palabras. Así se ha construido *The Naked Civil Servant*, una película británica de 1975 que, sin embargo, parece atemporal, respira fuera y dentro de cualquier tiempo. Su secreto, ese vigor extraordinario que la sustenta, reside quizá en cómo evita la luz dura del día, las dudosas delicias del tedioso mundo exterior y abraza el crepúsculo, ese instante privilegiado donde la niebla londinense cae, las formas se difuminan y las cosas ya no son las cosas. A propósito de un libro de Elie Faure sobre Velázquez que leía Jean Paul Belmondo en *Pierrot le fou*, Godard recordaba la idea de que el pintor español,



al final de su vida, pintaba las cosas que hay entre las cosas, entre una persona y otra, y afirmaba que el mejor cine tendría que hacer lo mismo: no debería contentarse con filmar lo que había, no debería en ningún caso limitarse al retrato. Puede que entre Quentin Crisp y el terrible siglo XX contemplemos muchas cosas evidentes: habitaciones grises, cuadros de dudoso gusto, bares de pacotilla, un cuartelillo insípido, una escuela de arte desordenada, un tribunal tendencioso y severo... Pero, por encima de todo, frente a la cámara, brilla. Y en

consecuencia nuestra retina registra el paso incesante y sincero de una vida que transcurre entre callejones mal iluminados, la suciedad del polvo, una infinidad de cremas para la cara, toneladas de maquillaje y un manual de supervivencia. Elementos imprescindibles para no esconderse, no atrincherarse en ningún armario, y exhibir impune, gloriosa y gozosamente tu homosexualidad, de manera justa y desmedida, nunca latente. En ese momento del tiempo, cuando la intolerancia reinaba y la posibilidad de un cambio de sexo era remota, la historia de la homosexualidad contaba con muy pocos valientes. Quentin Crisp, muchas décadas antes de encarnar a la reina de Inglaterra en *Orlando*, sería uno de ellos, el más célebre de los pioneros. Y, por una vez, variaría el contenido de un viejo refrán. Por primera vez, podemos afirmar que, si la máscara cae y el hombre queda, el héroe no se desvanece.

Daniel Gascó

